

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á CANDIDATURA DE PONTE...NAS ONDAS! Á LISTA DAS MELLORES PRÁCTICAS CO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL DA UNESCO

PONTE...NAS ONDAS! é unha asociación de carácter cultural e pedagóxico que, desde 1995, desenvolve actividades educativas e culturais en Galicia e no Norte de Portugal.

Entre os fins da asociación están promover actividades culturais e pedagóxicas así como fomentar a identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono. A estas finalidades acrecentóuselle no ano 2002 o compromiso de traballar na recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común aos pobos galego e portugués.

Grazas á cooperación entre escolas de Primaria e Secundaria, desenvolvéronse diversas actividades desde os centros educativos das dúas marxes do río Miño, construindo unha ponte de comunicación que atravesa a fronteira física dos territorios e descubriendo así un patrimonio común compartido. E todo isto realizouse e realízase favorecendo e promovendo valores que desde a institución provincial tamén xulgamos esenciais para os pobos e as persoas. Así pois, falamos do traballo interxeracional no coñecemento do patrimonio inmaterial, da cooperación entre comunidades diversas ou do respecto real na igualdade de xénero.

A deputación da Coruña quere tamén recoñecer o traballo de creación de material en todos os ámbitos para a divulgación do patrimonio, a formación de docentes e a incorporación das familias en todo o proceso educativo. É de agradecer o compromiso de todas as persoas que desde *PONTE...NAS ONDAS!*, fan este labor tan importante.

Por todas estas razóns propónse ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte declaración institucional:

A Deputación Provincial da Coruña expresa o seu recoñecemento ao traballo desenvolvido desde *PONTE...NAS ONDAS!* na preservación e salvagarda do patrimonio inmaterial galego-portugués, para o que manifesta o seu apoio para que sexa inscrita na **Lista das Melloras Prácticas co patrimonio Cultural e Inmaterial da UNESCO**, así como contribuír na difusión do proxecto.

O Voceiro do Grupo Provincial
PARTIDO POPULAR

O Voceiro do Grupo Provincial
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-
PSOE

Asdo.: Agustín Hernández Fdez. de
Rojas

Asdo.: Bernardo Fernández Piñeiro

O Voceiro do Grupo Provincial
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O Voceiro do Grupo Provincial
MAREA ATLÁNTICA

Asdo.: Xosé Regueira Varela

Asdo.: Daniel Díaz Grandío

O Voceiro do Grupo Provincial
COMPOSTELA ABERTA

O Voceiro do Grupo Provincial
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Asdo.: Manuel Dios Diz

Asdo.: Ángel García Seoane